



FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

MITOS DA LITERATURA ROMÁNICA MEDIEVAL

Pilar Lorenzo Gradín
Simone Marcenaro

**GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2011/2012**

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTORES: Pilar Lorenzo Gradín – Simone Marcenaro

Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

1.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome: *Mitos da literatura románica medieval*.
- Código: G5081250.
- Tipo de materia: Materia obrigatoria no Grao de *Linguas e Literaturas modernas*. Itinerario: *Filoloxía Románica*.
- Ciclo e curso no que se imparte: 2º curso do Grao.
- Número de créditos (teóricos e prácticos): 6 ECTS
- Duración: 2º cuadrimestre.
- Prerrequisitos: A materia non esixe prerrequisitos previos, se ben é aconsellable que os alumnos manexen, ademais do galego e do español, outra lingua románica.
- Profesores que a imparten: Dr. Simone Marcenaro e Drª Pilar Lorenzo Gradín.
- Linguas en que se imparte: galego e español.
- Horas e lugar de titorías: o Dr. Marcenaro terá o seguinte horario de titorías na Sala PDI-A (1º andar): luns, martes e mercores de 11.00 ás 13.00 horas; a Drª Lorenzo Gradín recibirá aos estudantes no despacho 206 no seguinte horario: 1º cuadrimestre, mércores das 11.30 ás 14.30 horas e das 16.00 ás 18.00 horas; 2º cuadrimestre, martes das 16.00 ás 17.00 e das 18.00 ás 20.00 horas, e mércores das 13.00 ás 15.00 horas.
- E-mails de contacto:

simone.marcenaro@usc.es

pilar.lorenzo@usc.es

- Datas oficiais dos exames:

1 de xuño 2012: 12.00 horas, Aula 6.

5 de xullo 2012: 16.00 horas, Aula 3.

2.- SENTIDO DA MATERIA NO PLAN DE ESTUDOS

A materia intégrase no segundo curso do Grao en *Linguas e Literaturas modernas* (RD 1393/2007) e ten carácter obrigatorio para os estudantes matriculados no **maior** en *Filoloxía Románica*. Aqueles alumnos que teñan completado un *maior* nas restantes titulacións que se imparten na Facultade de Filoloxía e que desexen perfeccionar a súa formación co estudo do **minor** (48 créditos) en *Filoloxía Románica* cursarán a disciplina con carácter optativo.

A asignatura pretende completar a función introdutoria que ofrecen dúas materias pertencentes ao módulo titulado *Introdución á Filoloxía Románica*: trátase da materia de 1º curso *A literatura románica medieval no contexto europeo* e a titulada *Fundamentos de literatura románica medieval*, que os estudantes xa terán cursado no 1º cuatrimestre do segundo curso.

Trala adquisición dos coñecementos fundamentais sobre a xénese, desenvolvemento e consolidación dos principais xéneros literarios en lingua romance, os alumnos afrontarán as características dun compoñente fundamental de gran parte dos textos obxecto de estudo: o mito.

Como na meirande parte das materias que constitúen o plan de estudos do itinerario, os docentes, tras establecer os principios propedéuticos da asignatura, empregarán nas sesións presenciais a metodoloxía histórico-comparada. Os contidos da programación permitirán que os estudantes perciban o carácter incerto de moitas das tradicións lexendarias antes de se converter en *materia* literaria, á vez que distinguirán como co paso do tempo moitas delas se enriquecen con variantes múltiples e se adaptan a diferentes coordenadas temporais e socio-culturais. Así mesmo, unha parte do programa establece lazos de unión entre a cultura latina e as vernáculos, para que os alumnos perciban tanto a continuación (ou adaptación) dos mitos da tradición *clásica*, como os trazos particulares que subxacen á creación mítica daqueles personaxes medievais que alimentaron durante séculos o imaxinario cultural europeo. Este último aspecto facilitará que o alumnado estableza os vínculos pertinentes con outra das asignaturas que integran o módulo: trátase de *A literatura románica medieval na cultura contemporánea*, que se cursa de maneira simultánea a aquí presentada.

3.- OBXECTIVOS DA MATERIA

- Definición do concepto de *mito* a partir dos estudos teóricos aplicados pola crítica especializada á mitoloxía clásica.
- Estudo dos principais mitos medievais nas tradicións literarias románicas dende unha perspectiva comparada.
- Coñecemento do proceso de adaptación dos mitos clásicos na literatura románica medieval a través da selección de casos paradigmáticos.

- Contextualización e función dos mitos creados na Idade Media nas literaturas románicas.

4.- CONTIDOS E BIBLIOGRAFÍA

TEMA 1

O CONCEPTO DE *MITO* E O SEU PAPEL NA CONFIGURACIÓN DA CULTURA E LITERATURA MEDIEVAIS

Este tema introdutorio tratará o concepto de *mito* co obxectivo de propoñer e delimitar a súa definición para aplicar a análise teórica que se derive ás principais manifestacións literarias románicas da Idade Media. Para acadar este obxectivo, serán presentadas aos alumnos as principais definicións ofrecidas pola crítica para tal categoría tanto dende o campo de estudo da teoría literaria como dende a antropoloxía e a etnografía. Ademais, profundizarase nos conceptos de *continuidade* e *innovación* como premisas indispensables para o estudo dalgúns dos mitos medievais máis significativos. A finalidade deste tema consiste, polo tanto, en proporcionar aos estudantes os coñecementos básicos necesarios para afrontar a parte *textual*, que se adicará ao comentario de textos literarios en perspectiva sincrónica e diacrónica.

- 1.1. O concepto de *mito* na crítica contemporánea
- 1.2. Os conceptos de “continuidade” e “innovación”
- 1.3. Tradición escrita e tradición oral

BIBLIOGRAFÍA

ESTUDOS

- Carandini, A., *Archeologia del mito. Emozione e ragione fra primitivi e moderni*, Torino, Einaudi, 2002
- Chevalier, J. - Gheerbrant, A., *Dictionnaire des symboles. Mythes, rêves, coutumes, gestes, figures, couleurs, nombres*, Paris, Laffont, 1969
- Cotterell, A., *Mitos: diccionario de mitología universal*, Barcelona, Ariel, 2008
- Eliade, Mircea, *Mito y realidad*, Madrid, Guadarrama, 1973
- Grimal, P., *Diccionario de la mitología griega y romana*, Barcelona, Labor, 1966 (trad. da 3ª ed. francesa)
- Grisward, Joel, *Archéologie de l'épopée médiévale: structures trifonctionnelles et mythes indo-européens dans le cycle des Narbonnais*, Paris, PUF, 1981
- Le Goff, J., *L'imaginaire médiéval*, Paris, Gallimard, 1985
- Lévi-Strauss, C., *Mythologiques*, Paris, Plon, 2 voll., 1964-66
- , *Mito y significado*, Madrid, Alianza, 1990
- Krappe, Alexandre H., *Mythologie universelle*, Paris, Payot, 1930

TEMA 2

A HERDANZA DOS MITOS CLÁSICOS. SELECCIÓN DE TEXTOS E AUTORES

Este tema pretende poñer de manifesto o concepto de *continuidade*, co obxectivo de ofrecer aos alumnos un panorama xeral dos principais mitos clásicos que se continúan e/ou transforman na civilización medieval. Neste caso, as figuras seleccionadas son as de Narciso e Pigmalión, para as que se destacará tanto a reelaboración das fontes procedentes de Ovidio (*Lai de Narcis*, *Lai de l'ombre*, *Roman de la Rose*), como as mutacións que se operan da materia clásica para adaptala á tradición cristiá (*Ovide moralisé*, *Miracles de Nostre Dame*).

2.1. Introducción á mitoloxía clásica

2.1.1. A figura de Narciso

2.1.2. A figura de Pigmalión

2.2. A reelaboración do mito de Narciso na Idade Media

2.2.1. Narciso na poesía trobadoresca

2.2.2. Os *lais* antigo-franceses: *Lai de l'ombre*, *Lai de Narcis*

2.2.3. Narciso no *Roman de la Rose*

2.3. O mito de Pigmalión na Idade Media

2.3.1. A perspectiva laica: o *Tristan* de Thomas d'Angleterre

2.3.2. A apropiación do mito na cultura cristiá: desde o *Ovide moralisé* ata os *Miracles de Nostre Dame* de Gautier de Coinci.

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓN E TRADUCIÓN DE TEXTOS

Alvar, C., (trad.), *Guillaume de Lorris, Jean de Meun. El libro de la rosa*, Madrid, Siruela, 1987

Lecoy, F. (ed.), *Le Roman de la Rose*, Paris, Champion, 3 vols., 1973

Poirion, D., *Le Roman de la Rose*, Hatier, Paris, 1974

Beretta, C. (ed.), *Miracoli della Vergine: testi volgari medievali. Gautier de Coinci, Gonzalo de Berceo, Alfonso X el Sabio*, Torino, Einaudi, 1999

Bersuire, P. de, *Reductorium morale, liber 15: Ovidius Moralizatus*, Utrecht, Institut voor Laat Latijn der Rijksuniversiteit, 1962-1966

Engels, J. (ed.), *L'edition critique de l'Ovidius moralizatus de Bersuire*, extracto de *Vivarium*, IX/1 (1971)

Koenig, F. (ed.), *Gautier de Coinci, Les miracles de Nostre Dame*, Genève, Droz, 4 vols., 1961-1970

Mancini, M. (ed.), *Il lai di Narciso*, Roma, Carocci, 2003

Thiry-Stassin, M. - M- Tyssens (eds.), *Narcisse*, Paris, Les Belles Lettres, 1976

ESTUDOS

Alganza Roldan, M., *Metamorfosis de Narciso en la cultura occidental*, Granada, Universidad, 2010

Allen, J. B., *The art of love: Amatory Fiction from Ovid to the Roman de la Rose*, Philadelphia, University of Pennsylvania Press, 1992

Batany, J., *Approches du Roman de la Rose*, Paris, Bordas, 1973

Battaglia, S., *La tradizione di Ovidio nel Medioevo*, Napoli, R. Pironti e figli, 1960

Cortés Vázquez, L., *El Episodio de Pigmalion del Roman de la Rose: ética y estética de Jean de Meun*, Salamanca, Universidad, 1980

Faral, E., *Recherches sur les sources latines des contes et romans courtois du Moyen Âge*, Paris, Champion, 1967

Goldin, F., *The mirror of Narcissus in the Courtly love lyric*, Ithaca, Cornell University Press, 1967

Grimal, P., *Diccionario de mitología griega y romana*, Barcelona, Paidós, 2006

Jung, M. R., *Études sur les poème allegorique en France au Moyen Âge*, Bern, Francke, 1971

Krause, K. - Stones, A., *Gautier de Coinci: miracles, music, and manuscripts*, Tournhout, Brepols, 2006

Langlois, E., *Origines et sources du Roman de la Rose*, Genève, Slatkine, 1973 (reimpr. de la ed. 1890)

Louis, R., *Le Roman de la Rose. Essai d'interprétation de l'allegorisme érotique*, Paris, Champion, 1974

Poirion, D., «Narcisse et Pygmalion dans le Roman de la Rose», in *Essays in honor of Louis Francis Solano*, Chapel Hill, University of North Carolina Press, 1970, pp. 153-165

Possamai-Pérez, M., *L'Ovide Moralisé. Essai d'interpretation*, Paris, Champion, 2006

Roncaglia, Au., «La statua d'Isotta», *Cultura Neolatina*, XXXI (1971), pp. 41-67

Rosati, G., *Narciso e Pigmalione*, Firenze, Sansoni, 1983

TEMA 3

A FIGURA MÍTICA DO REI. CARLOMAGNO E ARTURO COMO EMBLEMAS DA MONARQUÍA IDEAL

Analizarase o concepto de “monarquía ideal” a partir das fundamentais propostas teóricas plantexadas por Georges Dumézil, que, como se sabe, propón a procedencia indoeuropea do prototipo da figura real. Neste caso, serán obxecto de estudo particular Carlomagno (abordarase, de maneira especial, a súa presentación nos cantares de xesta, en concreto na *Chanson de Roland* e no coñecido *Ciclo de Guillaume de Orange*) e Arturo (que será estudado dende a súa aparición no texto fundacional da literatura artúrica, a *Historia regum Britanniae* de Geoffrey de Monmouth, ata a súa desaparición nos coñecidos ciclos en prosa da *Vulgata e PostVulgata*).

3.1. O paradigma trifuncional das sociedades indoeuropeas de Georges Dumézil

3.1. 1.- A aplicación da teoría trifuncional á literatura románica medieval e os seus límites

3.2. Carlomagno, o monarca ideal

3.2.1. A *Chanson de Roland*

3.2.2. A figura de Carlomagno noutros textos épicos franceses

3.2. O ciclo de Guillaume d’Orange

3.2.1. A estrutura trifuncional na *Chanson de Guillaume*

3.3. O rei Arturo

3.3.1. A harmonización das tradicións previas

3.3.2. A reelaboración de Geoffrey de Monmouth e Wace no marco da corte anglonormanda

3.3.3. O papel de Chrétien de Troyes

3.3.4. O ocaso do rei nos ciclos en prosa

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓNS E TRADUCIÓNS DE TEXTOS

Aebischer, P. (ed.), *Le voyage de Charlemagne à Jerusalem et à Constantinople*, Genève, Droz, 1965

Bonafin, M., *Il viaggio di Carlomagno in oriente*, Alessandria, Ed. dell’Orso, 2007

Riquer, M. de, (ed. e trad.), *Le Pèlerinage de Charlemagne / La peregrinación de Carlomagno*, Barcelona, Quaderns Crema, 1984

Alvar, C. (ed. y trad.), *El Cuento del Grial / Chrétien de Troyes*, Madrid, Alianza, 1999

- Pauphilet, A., *La Queste del Saint Graal: roman du XII siècle*, Paris, Champion, 1965
- Crick, J. (ed.), *The Historia regum Britannie of Geoffrey of Monmouth*, Cambridge, Brewer, 1989
- Fassò, A., (ed.), *La Canzone di Guglielmo*, Carocci, Roma, 2000
- McMillan, D. (ed.), *La Chanson de Guillaume*, Paris, Picard, 2 vols., 1949-50
- Rubio Tovar, J. (trad.), *El cantar de Guillermo*, Madrid, Gredos, 1997
- Walthelet-Wilhelm, J. (ed.), *Recherches sur la chanson de Guillaume. Études accompagnées d'une édition*, Paris, Les Belles Lettres, 2 vols., 1975
- Pérez Castro, L. C., (ed.), *Vida de Merlín*, Madrid, Siruela, 1986
- Duggan, J. J. (coord.), *La chanson de Roland / The song of Roland. The french corpus*, Tornhout, Brepols, 2005
- Segre, C. (ed.), *La Chanson de Roland*, Genève, Droz, 2003 (1^a ed. 1989)

ESTUDOS

- AA. VV., *Charlemagne et l'épopée romane. Actes du VIIe Congrès International de la Société Rencesvals (Liège, 1976)*, Paris, Les Belles Lettres, 1978
- Bédier, J., *Les légendes épiques: recherches sur la formation des chansons des geste*, Paris, Champion, 1926-1929
- Benveniste, Emil, *Le vocabulaire des institutions Indo-européennes*, Paris, Minuit, 1969
- Boutet, Dominique, *Charlemagne et Arthur ou le Roi imaginaire*, Paris, Champion, 1992
- , *La chanson de Geste*, Paris, PUF, 1993
- Cardini, F., *Alle radici della cavalleria medievale*, Firenze, La Nuova Italia, 1981
- Chênerie, M.-L., *Le chevalier errant dans les romans arthuriens en vers des XII^e et XIII^e siècles*, Genève, Droz, 1986
- Duby, Georges, *Les trois ordres ou l'imaginaire du féodalisme*, Paris, Gallimard, 1978
- Dumézil, Georges, *L'idéologie tripartite des Indo-européens*, Paris, 1958
- , *Mythe y épopée*, Paris, Gallimard, 3 vols., 1968-73
- Fassò, Andrea, *L'ideologia tripartita*, in P. Boitani - M. Mancini - A. Varvaro (coord.), *Lo spazio letterario del Medioevo. 2. Il medioevo Volgare*, vol. I, "La produzione del testo", Roma, Salerno, 1999, pp. 83-114
- Flori, Jean, *L'idéologie du glaive. Préhistoire de la chevalerie*, Genève, Droz, 1983
- , *Chevaliers et chevalerie au Moyen Âge*, Paris, Hachette, 1998
- Frappier, J., *Les chansons de geste du cycle de Guillaume d'Orange*, Paris, SEDES, 1967-1983
- Grisward, Joel, *Archéologie de l'épopée médiévale: structures trifonctionnelles et mythes indo-européens dans le cycle des Narbonnais*, Paris, PUF, 1981
- Gutiérrez García, S., *Orixes da materia de Bretaña: a Historia Regum Britanniae e o pensamento europeo do século XII*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2002
- Köhler, Erich, *L'avventura cavalleresca. Ideale e realtà nei poemi della Tavola Rotonda*, Bologna, Il Mulino, 1989
- Loomis, R. S., *Arthurian tradition and Chrétien de Troyes*, New York, Columbia University Press, 1949
- Mancini, M., *Metafora feudale*, Boblogna, Il Mulino, 1993

- Niccoli, O., *I sacerdoti, i guerrieri, i contadini. Storia di un'immagine della società*, Torino, Einaudi, 1979
- Ribeiro Miranda, J. C., *A Demanda do Santo Graal e o ciclo arturiano da vulgata*, Porto, Granito, 1988
- Tyssens, M., *La geste de Guillaume d'Orange dans les manuscrits cycliques*, Paris, Les Belles Lettres, 1967

TEMA 4

O MODELO DO GUERREIRO IDEAL. O CASO DE ROLDÁN

O obxectivo deste tema é analizar a evolución do concepto de cabaleiría dende a primitiva acepción do substantivo *militia* ata as transformacións que ocasiona o impacto da ideoloxía cortés no estamento dos *bellatores* entre os séculos XII e XIV.

Seguindo a mesma perspectiva de estudo empregada no tema precedente, procederáse a análise dunha das figuras centrais da cultura medieval: Roland. Para o exame deste personaxe empregárase unha metodoloxía histórico-comparada que poñerá de manifesto a evolución do heroe dende a *Chanson de Roland* ata a súa reutilización nas famosas obras de Ariosto (*Orlando furioso* e *Orlando innamorato*).

4.1. O concepto de cabaleiría na Idade Media

- 4.1.1. As fontes históricas e xurídicas
- 4.1.2. As fontes literarias

4.2. A figura de Roldán

- 4.2.1. Roldán na *Chanson de Roland*
- 4.2.2. Roldán nos textos épicos posteriores

4.3. Mutacións do héroe: Roldán nos séculos XIV e XV

- 4.3.1. O *Orlando Furioso*
- 4.3.2. O *Orlando Innamorato*

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓN E TRADUCIÓN DE TEXTOS

- Duggan, J. J. (coord.), *La chanson de Roland / The song of Roland. The french corpus*, Tornhout, Brepols, 2005
- Riquer, M. de, *Chanson de Roland. Cantar de Roldán y el Roncesvalles navarro*, Barcelona, El Acantillado, 2003 (1ª ed. 1983)
- Segre, C. (ed.), *La Chanson de Roland*, Genève, Droz, 2003 (1ª ed. 1989)
- Bruscagli, R., (ed.), *Orlando innamorato*, Torino, Einaudi, 1995
- Micó, J. M. (trad.), *Orlando Furioso*, Madrid, Espasa, 2005
- Segre, C. (ed.), *Orlando Furioso*, Milano, Mondadori, 1988

ESTUDOS

- Aebischer, P, *Préhistoire et protohistoire du Roland d'Oxford*, Bern, Francke, 1972

- Bédier, *Les légendes épiques*, Paris, Champion, 1908-1913, 4 vols (4^a ed.)
- Bowra, C. M., *Heroic poetry*, London, Mac Millan/St. Martin's Press, 1952
- Branca, D., *L'Orlando furioso e il romanzo cavalleresco medievale*, Firenze, Olschki, 1973
- De Riquer, M., *Los cantares de gesta franceses*, Madrid, Gredos, 1952
- Dumézil. G., *Aspects de la fonction guerrière chez les Indo-européens*, Paris, Presses Universitaires de France, 1956
- Duggan, J. J., *The song of Roland: Formulaic Style and poetic Craft*, Berkeley/Los Angeles/London, University of California Press, 1973
- Fassò, Andrea, *Gioie cavalleresche. Barbarie e civiltà fra epica e lirica medievale*, Roma, Carocci, 2005
- Horrent, J., *La Chanson de Roland dans les littératures française et espagnole au Moyen Âge*, Paris, Haitier, 1951
- Limentani, A. - Infurna, M. (eds.), *L'epica*, Bologna, Il Mulino, Bologna 1986
- Mandach, A. de, *Chanson de Roland: transferts de mythe dans le monde occidental et oriental*, Genève, Droz, 1993
- Martin, J. P., *Les motifs dans la chanson de Geste. Définition et utilisation*, Villeneuve d'Ascq, Centre d'Étude médiévales et dialectales de l'Université de Lille III, 1992
- Momigliano, A., *Saggio sull'Orlando furioso*, Bari, Laterza, 1967
- Palumbo, G. - Tissoni Benvenuti, A., Villoresi, M., *Tre volte suona l'olifante. La tradizione rolandiana in Italia fra Medioevo e Rinascimento*, Milano, Unicopli, 2007
- Rychner, J., *La chanson de geste. Essai sur l'art épique des jongleurs*, Genève, Droz, 1955
- Segre, C., *La tradizione della 'Chanson de Roland'*, Milano-Napoli, Ricciardi, 1974

TEMA 5

O MODELO DO CABALEIRO ERRANTE E O AMOR CORTÉS. LANZAROTE

Neste tema o núcleo de estudo constitúe a figura do cabaleiro errante e as súas relacións co modelo do “amor cortés” ou *fin’amor*. O mito que se analizará de maneira pormenorizada será o de Lanzarote, personaxe que tivo unha gran repercusión tanto na cultura medieval e renacentista como na época contemporánea. En concreto, procederáse ao exame do personaxe dende a súa primeira aparición nas letras romances (no famoso *Li Chevaliers de la charrete* de Chrétien de Troyes) ata o seu posterior declive nos ciclos narrativos en prosa.

5.1. A figura do cabaleiro

5.1.1. Introducción ao concepto de *fin’amor*

5.1.2. O papel do “amor cortés” na literatura románica medieval

5.2. O personaxe de Lanzarote

5.2.1. O papel de Lanzarote na literatura artúrica

5.2.2. Lanzarote no *Li chevaliers de la charrette* de Chrétien de Troyes

5.2.3. Lanzarote nos ciclos artúricos en prosa

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓN E TRADUCIÓN DE TEXTOS

Baumgartner, E. (ed.), *Érec et Énide, Cligès, Le chevalier au Lion, Le chevalier de la charrette de Chrétien de Troyes*, Paris, Gallimard, 1993

Cuenca, L. A. de - Gual, C. G. (trad.), *Chrétien de Troyes. El Caballero de la carreta*, Madrid, Alianza, 1996

Gutiérrez García S. (trad.), *Lanzarote ou o Cabaleiro da Carreta*, Vigo, Xerais, 2001

Micha, A., (ed.), *Lancelot: roman en prose du XIII^e siècle*, Genève, Droz, 1978-1982

Mosès, F. - Chênerie, M. L. (eds.), *Lancelot du Lac: roman français du XIII^e siècle*, Paris, Librairie générale Française, 1991-93

Poiron, D. (coord.), *Chrétien de Troyes, Ouvres Complètes*, Paris, Gallimard, 1994

Roques, M. (ed.), *Le chevalier de la charrette*, Paris, Champion, 1978

ESTUDOS

Alvar, C., *De los caballeros del Temple al Santo Grial*, Madrid, Sial/Trivium, 2010.

Bezzola, R. R., *Les origines et la formation de la littérature courtoise en Occident*, Paris, Champion, 1966-68.

Boulhol, V., *Etude sur Chrétien de Troyes, Le Chevalier de la Charrette*, Paris, Ellipses, 1996

- Chênerie, M.L., *Le chevalier errant dans les romans arthuriens en vers des XIIe et XIIIe siècles*, Genève, Droz, 1986.
- Dufournet, J. (coord.), *Approches du Lancelot en prose*, Genève, Slatkine, 1984
- Frappier, J., *Chrétien de Troyes. L'homme et l'oeuvre*, Paris, Haitier, 1957
- Gracia, P., *Las señales del destino heroico*, Barcelona, Montesinos, 1991
- Huchet, *Le Roman médiévale*, Paris, Presses Universitaires de France, 1984
- Kennedy, E., *Lancelot and the Grail: a study of the prose Lancelot*, Oxford, Clarendon Press, 1986
- Kibler, W. G. (ed.), *The Lancelot-Grail cycle: text and transformations*, Austin, University of Texas Press, 1994
- Köhler, Erich, *Sociologia della fin'amor*, Padova, Liviana, 1976
- Lot, F., *Étude sur le Lancelot en prose*, Paris, Champion, 1984
- Meneghetti, M. L., *Il romanzo nel Medioevo. Francia, Spagna, Italia*, Bologna, Il Mulino, 2010
- Micha, A., *Essais sur le cycle du Lancelot-Graal*, Genève, Droz, 1987
- Ruíz Domenèc, J. E., *El Laberinto cortesano de la caballería*, Barcelona, Universitat Autònoma, 1981 (vol. I, *El Juego como estructura de identidad en "Le chevalier de la Charrete" de Chrétien de Troyes*)
- Stanescu, M., *Jeux d'errance du chevalier medieval: aspects ludiques de la fonction guerrière dans la littérature du Moyen Age Flamboyant*, Leiden, Brill, 1988
- Topsfield, L., *Chrétien de Troyes. A Study in the Arthurian Romances*, Cambridge, 1981.

TEMA 6

AS CONCEPCIÓNS MÍTICAS DO “MÁIS ALÁ”

O mito do “outro mundo” é un verdadeiro motivo-clave da cultura medieval e representa un dos mellores exemplos para amosar a persistencia de arquetipos propios da cultura clásica que se adaptan aos principios do Cristianismo. No vasto conxunto das obras literarias nas que o tema se presenta, a atención dirixirase á coñecida *Navigatio Sancti Brendani* e as súas adaptacións romances, ao *Espurgatoire Saint Patrice* e ao *Purgatorio* de Dante. A través destes textos os alumnos percibirán a evolución do concepto do “máis alá” dende perspectivas de estudo complementarias.

6.1. O mito do ‘outro mundo’ nas culturas clásica e xermánica

6.1.1. A ‘Idade de ouro’ na literatura grega e latina

6.1.2. O legado celta

6.2. A apropiación do mito na cultura cristiá

6.2.1. A representación do Paraíso nos séculos XI-XIV

6.2.2. As *visiones* e a literatura de viaxe: da *Navigatio Sancti Brendani* ao *Voyage Saint Brendain* de Benedeit

6.3. A invención do Purgatorio

6.3.1. Primeiros testemuños literarios: o *Espurgatoire Saint Patrice*

6.3.2. A *Commedia* de Dante

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓNS E TRADUCIÓNS DE TEXTOS

Barillari, S. (ed.), *Il Purgatorio di S. Patrizio*, Alessandria, Ed. dell’Orso, 2004

Muela, J. (trad.), *Viaje de San Borondón - Benedeit. Purgatorio de San Patricio - María de Francia*, Madrid, Gredos, 2002

Short, I. - Merrilees, B. (eds.), *Le voyage de saint Brandan*, Paris, Champion, 2006

Chiavacci Leonardi, A. M. (ed.), *Dante. Commedia*, Milano, Mondadori, 1998-2000, 3 vols.

Petrocchi, G. (ed.), *La Commedia secondo l’antica vulgata*, Firenze, Le Lettere, 4 vols., 1994

ESTUDOS

Avalle, D’A. S., *Dal mito alla letteratura e ritorno*, Firenze, Sansoni, 1990

- Barillari, S. (ed.), *Immagini dell'aldilà*, Roma, Meltemi, 1998
- Couliano, I. P., *I viaggi dell'anima. Sogni, visioni, estasi*, Milano, Mondadori, 1994
- Dronke, P., *Dante e le tradizioni latine medievali*, Bologna, Il Mulino, 1990
- Erickson, C., *La visione nel Medioevo. Saggi su storia e percezione*, Napoli, Liguori, 1982
- González, I., - Benavent, J., *Guía a la lectura de la Divina Comedia*, Valencia, Institució Alfons el Magnànim, 2007
- Graf, A., *Miti, leggende e superstizioni del Medioevo*, Milano, Mondadori, 1984
- Le Goff, J., *El nacimiento del Purgatorio*, Madrid, Taurus, 1989
- Owen, D. D. R., *The vision of Hell: infernal journeys in medieval French Literature*, Edimbrough/London, Scottish Academic Press, 1970
- Patch, O., *El Otro mundo en la literatura medieval*, México-Madrid, FCE, 1956
- Rolleston, T. W., *I miti celtici*, Milano, TEA, 1998
- Trovato, P., *Nuove prospettive sulla tradizione della "Commedia": una guida filologico-linguistica al poema dantesco*, Firenze, Cesati, 2007
- Walter, Ph., *Mitología cristiana: fiestas, ritos y mitos de la Edad Media*, Barcelona, Paidós, 2004

5.- COMPETENCIAS

- Distinción teórica do concepto de 'mito' na Idade Media e destreza metodolóxica para a súa correcta aplicación ás tradicións literarias en lingua romance.
- Adquisición de coñecementos relativos á constitución e evolución dos mitos na cultura e literatura medievais a través da distinción dos conceptos de 'continuidade' e 'innovación'.
- Adquisición de capacidade crítica para avaliar as distintas tradicións literarias no marco das diferenzas e analoxías que presentan.
- Capacidade para establecer relacións sincrónicas e diacrónicas entre os diversos aspectos tratados na programación.

6.- METODOLOXÍA E RECURSOS

Os profesores explicarán durante as sesións presenciais os temas que integran o programa mediante a exposición dos contidos básicos da materia, que se ilustrarán coa oportuna selección de textos e imaxes. A disciplina pretende ofrecer unha visión histórico-comparada dos principais mitos que configuran a literatura románica medieval, polo que se insistirá de xeito particular nas analoxías que presentan as diversas tradicións no período estudado.

Os alumnos deberán ler con carácter obrigatorio aquelas obras que se consideren punto de referencia esencial de cada un dos temas do programa (*vide infra*, apartado 9), o que lles permitirá seguir as exposicións teóricas de maneira eficaz e participar na discusión de cuestións puntuais dos contidos analizados. Aqueles textos que non sexan de lectura obrigatoria, pero que formen parte da programación prevista, serán facilitados aos alumnos en edicións preparadas polos docentes.

As actividades sinaladas facilitarán a realización de comentarios dirixidos, que ilustrarán de forma práctica os contidos teóricos expostos nas clases. Na elaboración dos comentarios os estudantes deberán dar conta das características do texto analizado, situarán o fragmento seleccionado no conxunto da obra á que pertence e detallarán os seus aspectos semánticos máis salientables.

7.- PLANIFICACIÓN DO TRABALLO

O tempo de duración que se contempla para cada un dos temas do Programa é o que se reflicte no seguinte cadro:

| TEMA | DURACIÓN en semanas |
|------|---------------------|
| I | 1 |
| II | 3 |
| III | 3 |
| IV | 3 |
| V | 3 |
| VI | 3 |

CRONOGRAMA

| | |
|----------------------|---|
| DATA | Contidos |
| Xaneiro 2012 | |
| 30 | Presentación do Programa da materia |
| 31 | Tema 1 - O concepto de mito e a súa delimitación |
| DATA | Contidos |
| Febreiro 2012 | |
| 6 | Tema 1 - Os conceptos de “continuidade” e “innovación” |
| 7 | Tema 1 - Tradición escrita e tradición oral |
| 8 | Tema 1 – Análise dun exemplo concreto: o mito de Píramo e Tisbe |
| 13 | Tema 2 - Introducción á mitoloxía clásica: Narciso e Pigmalión |
| 14 | Tema 2 - A reelaboración do mito de Narciso na Idade Media: a lírica occitana e os <i>lais</i> antigo-franceses |
| 15 | Tema 2 - Narciso no <i>Roman de la Rose</i> |
| 22 | Tema 2 - Comentario |
| 27 | Tema 2 - O mito de Pigmalión na Idade Media |
| 28 | Tema 2 - Pigmalión no <i>Tristán</i> de Thomas d'Angleterre |
| 29 | Tema 2 - A apropiación e a adaptación do 'mito' na cultura cristiá: <i>Ovide moraliséé</i> , <i>Miracles de Nostre Dame</i> |

DATA
Marzo 2012

| DATA | Contidos |
|------|---|
| 5 | Tema 2 - Comentarios |
| 6 | Tema 3 - Introducción á teoría trifuncional de G. Dumézil |
| 7 | Tema 3 - Aplicación da teoría trifuncional á literatura románica medieval |
| 12 | Tema 3 - O ciclo de Guillaume d'Orange |
| 13 | Tema 3 - Comentarios |
| 14 | Tema 3 - Carlomagno na <i>Chanson de Roland</i> |
| 19 | Tema 3 - Carlomagno noutros textos épicos franceses |
| 20 | Tema 3 - Comentarios |
| 21 | Tema 3 - Introducción á figura do Rei Arturo |
| 26 | Tema 3 - Arturo en Geoffrey de Monmouth e Wace |
| 27 | Tema 3 - Arturo no <i>roman courtois</i> e nos ciclos en prosa |
| 28 | Tema 4 - O concepto de cabaleiría na Idade Media |

DATA
Abril 2012

| DATA | Contidos |
|------|---|
| 10 | Tema 4 - As fontes histórico-xurídicas |
| 11 | Tema 4 - As fontes literarias |
| 16 | Tema 4 - Comentarios |
| 17 | Tema 4 - A figura de Roldán na <i>Chanson de Roland</i> |
| 18 | Tema 4 - A reelaboración da figura de Roldán na Península italiana nos séculos XIII e XIV |
| 23 | Tema 4 - Roldán no século XV: <i>O Orlando Furioso</i> |
| 24 | Tema 4 - Roldán no século XVI: <i>O Orlando Innamorato</i> |
| 25 | Tema 5 - O amor cortés na literatura medieval |
| 30 | Tema 5 - A figura do cabaleiro errante na Idade Media |

| DATA | Contidos |
|------------------|---|
| Maio 2012 | |
| 1 | Tema 5 - O personaxe de Lanzarote. |
| 2 | Tema 5 - Lanzarote no <i>Li Chevalier de la charrette</i> de Chrétien de Troyes |
| 7 | Tema 5 - Lanzarote nos ciclos en prosa |
| 8 | Tema 5 - Lanzarote na literatura dos séculos XIV-XV. |
| 9 | Tema 5 - Comentarios |
| 14 | Tema 6 - O mito do 'outro mundo' nas culturas clásica e xermánica |
| 15 | Tema 6 - A cultura grega e latina e o legado celta |
| 16 | Tema 6 - O Paraíso nos séculos XI-XIV |
| 21 | Tema 6 - As <i>visiones</i> medievais; a <i>Navegatio Sancti Brendani</i> |
| 22 | Tema 6 - A tradición literaria relativa ó Purgatorio: María de Francia |
| 23 | Tema 6 - O <i>Purgatorio</i> de Dante |
| 28 | Tema 6 - Comentarios |

8.- AVALIACIÓN

Para superar a materia, os estudantes deben participar activamente nas clases presenciais e nas actividades prácticas programadas, que se conciben como complemento dos contidos teóricos expostos polos docentes. Os alumnos que asistan con regularidade a clase serán avaliados de maneira continua. Para acadar os obxectivos didácticos marcados na programación, os estudantes deberán preparar as seguintes actividades:

a) Lectura atenta das obras seleccionadas polos profesores e valoración dos seus contidos nos seminarios de posta en común.

b) Comentarios de texto aos que os alumnos aplicarán os contidos teóricos recibidos e adaptarán con xuízo crítico os datos procedentes da lectura da bibliografía indicada polos docentes.

c) Elaboración de dous traballos monográficos orientados polos profesores, nos que o estudante deberá dar conta da súa capacidade na asimilación de datos, da organización razoada dos contidos e da súa argumentación crítica na exposición.

Aqueles estudantes que cursen a materia en réxime de non presencialidade (ou aqueles que renuncien ao sistema de avaliación exposto anteriormente) deberán realizar un examen final da mesma, que consistirá nunha proba escrita que constará de dúas preguntas teóricas e un comentario de texto. Este mesmo sistema será aplicado a aqueles estudantes que non superen a materia na convocatoria de xuño.

O peso que se lle adxudica a cada un dos elementos contemplados na avaliación é o que a seguir se reproduce:

| ELEMENTO AVALIADO | CRITERIOS | INSTRUMENTO | PORCENTAXE |
|---|--|--|------------|
| Asistencia e participación nas clases presenciais | Asistencia regular e puntual; participación activa nas distintas actividades e calidade da participación na aula | Observacións e notas do profesor durante as sesións presenciais. Autoavaliación | 25% |
| Contidos e actividades prácticas da materia | Dominio dos contidos teóricos expostos, das estratexias aprendidas e da práctica crítica | Controis de lectura escritos, exposición de comentarios orais | 35% |
| Traballos escritos, debates e exposicións orais | Calidade na comprensión e na expresión; asimilación dos contidos; creatividade; presentación; aplicación da bibliografía de maneira razoada e crítica. | Elaboración de dous traballos monográficos | 40% |

A distribución en horas das actividades (presenciais e non presenciais) asignadas á materia é a seguinte:

| Actividades | Horas presenciais | Factor | Horas de traballo persoal | TOTAL |
|-----------------------|-------------------|--------|---------------------------|------------|
| Sesións expositivas | 24 | 2 | 48 | 72 |
| Sesións interactivas | 24 | 1.5 | 36 | 60 |
| Sesións de titorías | 3 | 1 | 3 | 6 |
| Sesións de avaliación | 3 | 3 | 3 | 9 |
| TOTAL | 54 | | 96 | 150 |

9. - OBSERVACIONES

Entre a bibliografía indicada no apartado 4 do programa, os alumnos deberán ler con carácter obrigatorio as seguintes obras:

1) *Chanson de Roland*

Segre, C. (ed.), *La Chanson de Roland*, Genève, Droz, 2003.

Riquer, M. de, *Chanson de Roland. Cantar de Roldán y el Roncesvalles navarro*, Barcelona, El Acantillado, 2003 (1ª ed. 1983)

2) Chrétien de Troyes, *Li chevaliers de la Charrette*

Roques, M. (ed.), *Le chevalier de la charrette*, Paris, Champion, 1978.

Cuenca, L. A. de - Gual, C. G. (trad.), *Chrétien de Troyes. El Caballero de la carreta*, Madrid, Alianza, 1996.

Gutiérrez García, S., *O cabaleiro da carreta*, Vigo, Xerais, 2001

3) *A Demanda do Santo Graal*

Pauphilet, A., *La Queste del Saint Graal*, Paris, Champion, 1965

Alvar, C., *La búsqueda del Santo Grial*, Madrid, Alianza Editorial, 1994

4) *Navegatio Sancti Brendani*

Short, I. - Merrilees, B. (eds.), *Le voyage de saint Brandan*, Paris, Champion, 2006.

Muela, J. (trad.), *Viaje de San Borondón - Benedeit. Purgatorio de San Patricio - María de Francia*, Madrid, Gredos, 2002, pp. 91-161.